



COLEXIO  
**Valle Inclán**

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: 32009189 CPR RAMÓN MARÍA VALLE INCLAN**

**CURSO: CBADG01 SERVICIOS ADMINISTRATIVOS**

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: 32009189 CPR RAMÓN MARÍA VALLE INCLAN  
CURSO: CBADG01 SERVICIOS ADMINISTRATIVOS  
MATERIA: MP3009-CIENCIAS APLICADAS I  
DOCENTE: MARÍA DOLORES QUINTAS ABADÍN  
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>REPASO E REFORZO 1ª AVALIACIÓN</b>	
Identificáronse os distintos tipos de números (naturais, enteiros e racionais) e utilizáronse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións.</li> <li>▪ Opera correctamente con números enteiros e racionais.</li> <li>▪ Presenta as tarefas de xeito ordenado e claro de forma dixital</li> </ul>
Realizáronse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)	
Identificáronse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente	
Relacionouse cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicáronse as súas asociacións	
Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas	
<b>REPASO E REFORZO 2ª AVALIACIÓN</b>	
Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve problemas por regra de tres simple e composta, directa e inversa.</li> <li>▪ Aplica a regra de tres a situacións da vida diaria.</li> <li>▪ Aplica o cálculo porcentual na vida económica diaria.</li> <li>▪ Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal</li> <li>▪ Amosar as vantaxes e os inconvenientes (obtención, transporte e utilización) das fontes de enerxía renovables e non renovables</li> <li>▪ Relaciona as fontes de enerxía coa súa utilización na vida diaria</li> <li>▪ Presenta o traballo de xeito ordenado e claro en formato dixital.</li> </ul>
Aplicouse a porcentaxe en actividades cotiás	
Identificáronse os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizáronse modelos cinéticos para explicar os cambios de estado	
Identificouse a denominación dos cambios de estado da materia	
Recoñecéronse diversas fontes de enerxía	
Establecéronse grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable	
Amosáronse as vantaxes e os inconvenientes (obtención, transporte e utilización) das fontes de enerxía renovables e non renovables, utilizando as TIC	
<b>AMPLIACIÓN 3ª AVALIACIÓN</b>	
Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados.</li> <li>▪ Distingue as distintas partes de una ecuación.</li> <li>▪ Resolve ecuacións de primeiro grao sinxelas sen denominadores</li> <li>▪ Diferencia a saúde da doenza, relacionando os hábitos de vida coas doenzas máis frecuentes e recoñecendo os principios básicos de defensa contra elas.</li> </ul>
Resolvéronse ecuacións de primeiro grao	
Describíronse os mecanismos encargados da defensa do organismo e clasificáronse as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñecéronse as	

súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos. Deseñáronse pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás.	
Discrimínouse entre o proceso de nutrición e o de alimentación. Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde. Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano. Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identificaranse os tipos de nutrientes, a clasificación dos alimentos</li> <li>▪ Elabora menús e dietas equilibradas sinxelas diferenciando os nutrientes que conteñen e adaptándoos aos parámetros corporais e a situacións diversas</li> </ul>
<b>CRITERIO DE AVALIACIÓN PENDENTE (PROGRAMARASE NO CURSO 2020/2021)</b>	
Simplificáronse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Operacións con monomios e polinomios</li> </ul>
Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolución de problemas mediante ecuacións de primeiro grao.</li> </ul>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Envío de arquivos da teoría do caderno do profesor con <i>Google Drive</i> e <i>Google Classroom</i>.</li> <li>▪ Resolución de dúbidas individuais a través do correo electrónico, <i>Instagram</i>, plataforma <i>Google Classroom</i> e <i>WhatsApp</i></li> <li>▪ Resolución de dúbidas grupais por medio dun grupo creado en <i>Instagram</i>, e con Videoconferencias</li> <li>▪ Control de tarefas enviadas e recibidas mediante plataforma <i>Google Classroom</i>.</li> </ul>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Rúbricas para a valoración dos traballos.</li> <li>- Táboa de observación da participación e entrega de traballos e tarefas do alumno.</li> <li>- Checklist das datas e forma de contacto cos alumnos.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>1) <b>Alumnos coas dúas avaliacións aprobadas</b> - a nota final será a correspondente a media das dúas avaliacións mais a bonificación polas tarefas realizadas e entregadas na terceira avaliación. Ditas tarefas sumarán un máximo de 2 puntos sobre a nota media.</p> <p>2) <b>Alumnos con unha ou as dúas avaliacións suspensas</b> – Partirán dunha nota de un 4 e bonificarase cun máximo de 2 puntos a entrega das tarefas, participación e implicación.</p> <p>3) <b>Alumnos con perda de avaliación continua<sup>1</sup> ou alumnos pasivos<sup>2</sup></b> – Proba escrita presencial ou telemática dependendo das recomendacións sanitarias. Obterán unha nota máxima dun 5.</p> <p><sup>1</sup>.Contactarase co alumno para darlle a facilidade de acollerse o punto dous igual cos compañeiros con algunha avaliación suspensa.</p> <p><sup>2</sup>ALUMNOS PASIVOS.- alumnos con avaliacións suspensas e que non tiveron contacto co profesor a pesar de intentalo en repetidas ocasións.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Proba escrita presencial ou telemática dependendo das recomendacións sanitarias.</p> <p>Obterán unha nota máxima dun 5</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Serán os mesmos que os do punto nº1</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os alumnos que entreguen as tarefas e traballos propostos obterán un 5</li> </ul>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Serán os mesmos que se detallan no apartado de avaliación para o resto dos alumnos.</p> <p>Traballase con eles a través da plataforma <i>Classroom</i> e por correo electrónico.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p><b>Recuperación, repaso e reforzo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Calculo de mcm y mcd.</li><li>• Resolución de problemas con fraccións.</li><li>• Resolución de problemas por regra de tres simple e composta.</li><li>• Resolucions de problemas de repartos proporcionais.</li><li>• Cálculos porcentuais aplicados á vida cotiá.</li><li>• A linguaxe alxebrica. Expresións alxebricas.</li><li>• Traballos de repaso e investigación dos temas dados en Ciencias:<ul style="list-style-type: none"><li>• As propiedades da materia. Clasificación. Os cambios de estado da materia.</li><li>• A enerxía, e súas manifestacións na natureza.</li><li>• As fontes de enerxía e súa clasificación. (Renovables e non renovables)</li><li>• Identificación dos distintos órganos, aparellos e sistemas do corpo humano.</li></ul></li></ul> <p><b>Ampliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Resolución de ecuacións de primeiro grao sinxelas sen denominadores.</li><li>• Traballos de investigación:<ul style="list-style-type: none"><li>• Saúde e enfermidade. Enfermidades infecciosas e non infecciosas. As defensas do organismo. Prevención e loita contra as enfermidades.</li><li>• Nutrición e os tipos de nutrientes, a clasificación dos alimentos e o estado nutricional e o seu cálculo mediante problemas aplicados a vida diaria. Dietas saudables. Tipos de dietas</li></ul></li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Para unha primeira comunicación co alumno empregase unha rede social que lle e familiar e que dada a súa idade empregan con frecuencia, <i>Instagram</i>, facendo un grupo de chat cos alumnos de cada un dos grupos de clase nos que imparto, deste xeito son quen de chegar a maioría deles. Isto permite un contacto directo e instantáneo co alumno.</p> <p>Cos alumnos que non teñen esta posibilidade contactase por e-mail, ou a través da titora.</p> <p>Nun primeiro momento empregase <i>Google Drive</i> onde se suben as tarefas, a partir da terceira semana pasase a empregar a plataforma <i>Google Classroom</i> que permite unha maior interacción co alumno, xa que mediante esta plataforma o alumno pode acceder a un rexistro das tarefas enviadas, corrixidas, materiais de apoio ó libro de texto, a rúbrica de valoración dos traballos, así coma a valoración das tarefas, facendo que o feedback sexa mais doado.</p> <p>E moi importante no proceso de ensino-aprendizaxe en entornas virtuais a retroalimentación xa que permite informar os alumnos dos erros cometidos nas tarefas e as distintas solucións, reenviarlle esta información e darlle a posibilidade de volver a enviar as tarefas corrixidas.</p> <p>As tarefas teñen data de entrega dunha semana para dar o alumno suficiente flexibilidade na entrega.</p> <p>Unha ou dúas veces por semana, dependendo das dúbidas e dos erros que</p>

	<p>amosen na resolución das tarefas, levase a cabo unha videoconferencia con <i>Google Hangout Meet</i>, que permite os alumnos non perder o contacto visual cos compañeiros e a interacción entre eles.</p> <p>Cando un alumno se retrasa moito nas tarefas o contacto faise vía telefónica ou empregando WhatsApp co fin de detectar algún posible problema e darlle unha solución.</p> <p>Cos alumnos pasivos, e a pesares de non ter resposta, persistese no contacto por e-mail igual que o resto dos compañeiros, enviándolle as tarefas e traballos propostos, así mesmo o día antes da videoconferencia se lle envía a data e hora da mesma.</p> <p>Contactase cos alumnos con perda de avaliación continua para darlle a posibilidade de facer os traballos e as tarefas e poder ter unha avaliación positiva, no caso de que a resposta sexa negativa deberán realizar unha proba obxectiva presencial ou de forma online dependendo das autoridades sanitarias.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Libros de texto (Matemáticas e Ciencias)</li> <li>• Apuntes propios do profesor</li> <li>• Plataforma dixital <i>Google Classroom</i></li> <li>• Almacenamento na nube <i>Google Drive</i>.</li> <li>• Correo electrónico</li> <li>• <i>Istagram</i></li> <li>• <i>Whatsapp</i></li> <li>• WebCam para videoconferencias</li> <li>• Ordenador</li> <li>• Móbil</li> </ul>

<p><b>4. Información e publicidade</b></p>	
<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Correo electrónico ós alumnos, e ás familias con confirmación de lectura.</li> <li>• Subirase ó taboleiro de Classroom</li> </ul>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Páxina Web do centro: <a href="http://www.colexiovalleinclan.com">www.colexiovalleinclan.com</a></p>



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: 32009189 CPR RAMÓN MARÍA VALLE INCLÁN- OURENSE  
CICLO FORMATIVO: CBADG01 SERVICIOS ADMINISTRATIVOS  
PROFESORA: ANTONIA DOMÍNGUEZ NÓVOA  
CURSO: 1º GRAO BÁSICO  
MÓDULO:MP 3011 COMUNICACIÓN E SOCIEDADE I  
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 8	CENTRO:CPR RAMÓN MARÍA VALLE INCLÁN CURSO:1º SERVICIOS ADMINISTRATIVOS FPB MATERIA:COMUNICACIÓN E SOCIEDADE I
--	---------------	---

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Analizouse a estrutura de textos orais procedentes dos medios de comunicación de actualidade e identificáronse as súas características principais e diferenciando os distintos tipos de texto	Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas
Aplicáronse as habilidades básicas para realizar unha lectura activa, identificando o sentido global e os contidos específicos dunha obra literaria identificando o seu xénero literario	Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas
Aplicáronse as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso	Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas
Analizáronse os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relacións de xénero	Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas
Utilizouse a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución	Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas
Valoráronse e analizáronse as características principais dos tipos de textos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexe realizar e en función da súa finalidade	Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo
Analizouse a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración	Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo
Aplicáronse as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso	Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo
Descríbironse mediante a análise de fontes gráficas as principais	Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como

características dunha paisaxe natural, e recoñecéronse esas características no contorno máis próximo	as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico
Explicáronse a localización, o desprazamento e a adaptación ao medio dos grupos humanos do período da hominización, ata o dominio técnico dos metais por parte das principais culturas que o exemplifican	Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico
Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando tecnoloxías da información e da comunicación	Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico
Valorar os indicadores demográficos básicos das transformacións na poboación europea, española e galega durante o período analizado.	Valora a evolución histórica das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga, así como as súas relacións coas paisaxes naturais, analizando os factores e os elementos implicados, e desenvolvendo actitudes e valores de aprecio do patrimonio natural e artístico

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío de arquivos con documentos teóricos e prácticos a través de <i>Google Drive</i></li> <li>• Control de tarefas enviadas e recibidas a través do correo electrónico.</li> <li>• Envío das correccións e solucións das actividades recibidas.</li> <li>• Aclaración das dúbidas presentadas polos/as alumnos/as</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación da participación: responden aos correos, envían as tarefas en tempo y forma.</li> <li>• Interese, esforzo e implicación a hora de facer as actividades, procurando responder da forma máis axeitada posible.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) <b>Alumnos coas dúas avaliacións aprobadas</b> - a nota final será a correspondente a media das dúas avaliacións máis a bonificación polas tarefas realizadas e entregadas na terceira avaliación. Ditas tarefas sumarán un máximo de 2 puntos sobre a nota media.</li> <li>2) <b>Alumnos con unha ou as dúas avaliacións suspensas</b> – Partirán dunha nota de un 4 e bonificarase cun máximo de 2 puntos a entrega das tarefas, participación e implicación.</li> <li>3) <b>Alumnos con perda de avaliación continua ou alumnos pasivos*</b> – Proba escrita presencial ou telemática dependendo das recomendacións sanitarias. Obterán unha nota máxima dun 5.</li> </ol> <p>*ALUMNOS PASIVOS.- alumnos con avaliacións suspensas e que non tiveron contacto co profesor a pesar de intentalo en repetidas ocasións.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Proba escrita presencial ou telemática dependendo das recomendacións sanitarias.</p> <p>Obterán unha nota máxima dun 5</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación: Criterios de avaliación: Serán os mesmos que os do punto nº1</p> <p>Criterios de cualificación: Os alumnos que entreguen as tarefas e traballos propostos obterán un 5</p>

	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Serán os mesmos que se detallan no apartado de avaliación para o resto dos alumnos.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>Tarefas para identificar as palabras, a súa estrutura, os seus significados          Completar exercicios de ortografía.          Actividades para ampliar vocabulario e que se expresen correctamente tanto de maneira oral como escrita en ámbalas dúas linguas.          Tarefas para recoñecer os distintos tipos de xénero literario e as diferentes clases de textos argumentando as súas características.          Actividades de lectura comprensiva en ámbalas dúas linguas          Tarefas para recoñecer a categoría gramatical das distintas palabras          Exercicios prácticos para una correcta expresión escrita a nivel ortográfico, léxico e sintáctico, fomentando o emprego de sinónimos          Actividades para recoñecer a variedade lingüística da Península          Traballos de investigación con motivo do Premio Cervantes e o Día das Letras Galegas          Exercicios para identificar os distintos tipos de clima, factores e elementos que os determinan.          Actividades das distintas paisaxes naturais          Actividades par recoñecer os distintas formas de relevo          Repaso dos océanos, continentes          O relevo, climas, ríos en España          Exercicios de repaso da Poboación: evolución, distribución, estrutura, movementos naturais da mesma...          Diferenzas entre países desenvoltos ou en vías de desenvolvemento          Exercicios sobre a Prehistoria e a evolución humana</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Control continuo da conectividade e do <i>Feedback</i>.</li> <li>• Repaso dos contidos teóricos</li> <li>• Reforzo dos contidos con tarefas de repaso.</li> </ul> <p>Axuda, guía e resolución de dúbidas aos alumnos mediante correo electrónico</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Almacenamento na nube (<i>Google Drive</i>)</li> <li>• Libro de texto.</li> <li>• Caderno teórico do profesor.</li> <li>• Correo electrónico</li> <li>• <i>Ordenador</i></li> <li>• <u>Teléfono</u></li> </ul>





<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Por correo electrónico con confirmación de lectura.
<b>Publicidade</b>	Publicidade na páxina web do centro: <a href="http://www.colexiovalleinclan.com">www.colexiovalleinclan.com</a>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR RAMÓN MARÍA VALLE INCLÁN  
CICLO FORMATIVO: CBADG01 SERVICIOS ADMINISTRATIVOS  
PROFESOR/A: MARÍA BARREIROS PÉREZ  
CURSO: 1º GRAO BÁSICO  
MÓDULO: MP3011 COMUNICACIÓN E SOCIEDADE  
UNIDADE FORMATIVA 2: MP3011\_23 COMUNICACIÓN EN  
LINGUA INGLESA I  
DATA: 12/04/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Aplicáronse as estratexias de escoita activa para a comprensión precisa das mensaxes recibidas.</p>	<p>Utiliza estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional.</p>
<p>Identificouse a intención comunicativa básica de mensaxes directas ou recibidas mediante formatos electrónicos, valorando as situacións de comunicación e as súas implicacións no uso do vocabulario empregado.</p>	<p>Utiliza estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional.</p>
<p>Identificouse o sentido global do texto oral que presenta a información de xeito secuenciado e progresivo en situacións habituais frecuentes e de contido predicible.</p>	<p>Utiliza estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional.</p>
<p>Utilizáronse estruturas gramaticais básicas adaptadas a contextos diferentes (formal, non formal e situacións profesionais), e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto.</p>	<p>Utiliza estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional.</p>
<p>Mantívose a interacción utilizando estratexias de comunicación sinxelas para amosar o interese e a comprensión.</p>	<p>Participa en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.</p>

<p>Utilizáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, segundo o propósito comunicativo do texto.</p>	<p>Participa en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.</p>
<p>Expresouse con certa claridade, utilizando unha entoación e unha pronuncia comprensibles, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.</p>	<p>Participa en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.</p>
<p>Leuse o texto de xeito comprensivo, recoñecendo os seus trazos básicos, o seu contido global, e analizouse a súa intención e o seu contexto.</p>	<p>Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.</p>
<p>Identificáronse as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto.</p>	<p>Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.</p>
<p>Identificáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio limitado de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, en situacións habituais frecuentes, de contido moi predicible.</p>	<p>Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.</p>
<p>Completáronse e reorganizáronse frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo e a normas gramaticais básicas.</p>	<p>Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.</p>
<p>Utilizáronse dicionarios impresos e en liña e correctores ortográficos dos procesadores na composición dos textos.</p>	<p>Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aclaración das dúbidas individuais por correo electrónico.</li> <li>• Envío de arquivos con desenvolvemento teórico a través do <i>Google Drive</i>.</li> <li>• Control de tarefas enviadas e recibidas por <i>mail</i>.</li> </ul> <p>Envío dos solucionarios das tarefas posterior as datas de entrega dos alumnos.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación da participación: responden aos correos, envían as tarefas en tempo e forma.</li> <li>• Listas de cotexo de actividades.</li> </ul>
